

Sr. conselleiro de Política Social
Edificio Administrativo San Caetano
15704 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: G.6.Q/332/16

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2016

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse este expediente de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia da noticia aparecida no diario La Voz de Galicia o 25 de xaneiro en relación coa situación dunha veciña de Cariño.

Na noticia sinálase esencialmente que a veciña de Cariño D^a [REDACTED] de [REDACTED] anos, pide axuda para ela e os seus fillos, dous menores e un de 24 cunha minusvalía recoñecida do 69 %. «Vivimos coa miña parella, no seu piso, pero a noite do xoves (día 18) fómonos; os meus nenos durmiron en casa dunha sobriña, o maior no portal e eu no alpendre. Ao día seguinte fomos a pedir axuda ao Concello e a única solución que nos daban era irnos a un albergue, pero sen os pequenos, só o maior e eu», relata. O fin de semana quedaron en casa dunha amiga en Cedeira e estes días estiveron con outra amiga en Narón. «O luns chamamos de novo ao Concello e o martes presentámonos outra vez, pero non nos dan unha solución, ¿para que está?, ¿que fago eu?», lamenta. «Vivimos dos 426 euros da axuda familiar; séntome impotente e rabiosa; estamos na rúa», asegura. O fillo maior recibe unha pensión de 369 euros, que leva dous meses sen cobrar, pendente do traslado de Castela e León, onde vivían, á Xunta. «En Cariño non me alugan piso porque o meu fillo maior é problemático», recoñece. O alcalde, [REDACTED] asegura que o departamento de Servizos Sociais intentou, sen resultado, atopar unha casa para esta familia. Ademais de «buscarlle o albergue en Ferrol e xestionar que os menores quedasen a cargo dun familiar, pero non quixo». «Tamén se lle deu unha axuda, igual que a un dos seus fillos», engade. Admite que «o prioritario son os nenos» e, si é posible, «non apartarlles da súa nai nin sacarlles da súa contorna», pero teme que o problema «excede as competencias» do Concello.

Polo exposto anteriormente iníciase a correspondente investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos feitos. En concreto solicitamos dese concello que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no art. 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información, no ámbito das súas competencias, sobre as circunstancias sinalas; sobre as axudas xestionadas a favor da unidade familiar; sobre o traslado da atención en materia de dependencia; e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe e saúdoo atentamente

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo

Sr. alcalde-presidente do Concello de Cariño
Avda. da Paz, nº 2.
15360 Cariño (A Coruña)

Expediente: G.6.Q/332/16

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2016

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse este expediente de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia da noticia aparecida no diario La Voz de Galicia o 25 de xaneiro en relación coa situación dunha veciña de Cariño.

Na noticia sinálase esencialmente que a veciña de Cariño D^a [REDACTED], de [REDACTED] anos, pide axuda para ela e os seus fillos, dous menores e un de 24 cunha minusvalía recoñecida do 69 %. «Vivimos coa miña parella, no seu piso, pero a noite do xoves (día 18) fómonos; os meus nenos durmiron en casa dunha sobriña, o maior no portal e eu no alpendre. Ao día seguinte fomos a pedir axuda ao Concello e a única solución que nos daban era irnos a un albergue, pero sen os pequenos, só o maior e eu», relata. O fin de semana quedaron en casa dunha amiga en Cedeira e estes días estiveron con outra amiga en Narón. «O luns chamamos de novo ao Concello e o martes presentámonos outra vez, pero non nos dan unha solución, ¿para que está?, ¿que fago eu?», lamenta. «Vivimos dos 426 euros da axuda familiar; séntome impotente e rabiosa; estamos na rúa», asegura. O fillo maior recibe unha pensión de 369 euros, que leva dous meses sen cobrar, pendente do traslado de Castela e León, onde vivían, á Xunta. «En Cariño non me alugan piso porque o meu fillo maior é problemático», recoñece. O alcalde, [REDACTED], asegura que o departamento de Servizos Sociais intentou, sen resultado, atopar unha casa para esta familia. Ademais de «buscarlle o albergue en Ferrol e xestionar que os menores quedasen a cargo dun familiar, pero non quixo». «Tamén se lle deu unha axuda, igual que a un dos seus fillos», engade. Admite que «o prioritario son os nenos» e, si é posible, «non apartarlles da súa nai nin sacarles da súa contorna», pero teme que o problema «excede as competencias» do Concello.

Polo exposto anteriormente iníciase a correspondente investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos feitos. En concreto solicitamos dese concello que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no art. 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información, no ámbito das súas competencias, sobre as circunstancias sinalas; sobre a situación económica e social da familia; sobre as axudas municipais ou promovidas polo concello; e sobre as

demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe e , saúdoo atentamente

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo

Expediente: G.6.Q/332/16

DILIXENCIA DE ARQUIVO

Para facer constar que se confirma que a unidade familiar que motiva a presente actuación de oficio conta cos recursos económicos que se mencionan, 426 €, posiblemente dunha RAI, o que resulta incompatible con outras, como a Risga; e unha pensión non contributiva do fillo maior, de 367, 90€, que se reintegrou en abril despois do traslado desde Castela a León.

O problema da vivenda xurdiu pola ruptura coa anterior parella da nai. O informe do concello dá conta de todo o sucedido e do tratamento que se deu á situación, sobre todo a dos menores. Estes estiveron atendidos, acudiron ao colexio e mesmo recibiron axudas puntuais. Na actualidade a unidade familiar xa conseguiu alugar nunha parroquia de Cariño, e aboaron o primeiro pago cunha axuda de emerxencia do Concello de Cariño.

Polo exposto pode concluírse que o problema se atopa ben orientado polos servizos sociais de Cariño, que a Xunta non ten ningún trámite pendente, e que se solucionou de forma adecuada o aspecto principal da queixa, a vivenda da unidade familiar, en especial os menores.

Procede a finalización das actuacións, sen prexuízo de reabrir o procedemento ante novos datos ou criterios.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2016

Fernando de Andrés Alonso
Secretario Xeral